



MINISTERIO
DE MEDIO AMBIENTE
Y MEDIO RURAL Y MARINO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR



UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo
de Pesca

Europa inviste na pesca sustentable

www.accioncosteira.es

XORNADAS MEDIO AMBIENTAIS SETEMBRO 2011

RELACIÓN DE PONENTES

LUGAR: MONASTEIRO DE POIO (PRAZA DO MOSTEIRO S/N, SAN XOÁN DE POIO).

Día Un (Venres 9 de setembro ás 17.00). Oportunidades económicas en torno ao medio ambiente na Ría de Pontevedra.

- A Pesca sen morte. Experiencia da Confraría de Pescadores de Lira (Poñente: Emilio Louro e Pepe Cuco- Confraría de Lira).

Emilio Louro é o secretario da Confraría de Pescadores de Lira e impulsor de iniciativas como Mar de Lira ou a Reserva de Interese Pesqueiro de Os Miñanzos de Lira. Pepe Cuco é un pescador da Confraría de Lira que creou unha iniciativa innovadora para levar a turistas e afeccionados á pesca a realizar actividades de pesca sen morte no interior da Reserva Mariña Vos Miñanzos de Lira.

- Iniciativa Mar Galaica de Turismo Mariñeiro (Poñente: Representante de Mar Galaica).

Sebastián Valverde (Xerente ITC Ménsula) desenvolveu para o Grupo de Acción Costeira de Fisterra, Muros e Noia, a iniciativa Mar Galaica de Turismo Mariñeiro. A web de Mar Galaica recibiu máis de 2500 visitas en 30 días, o que é un gran logro para unha iniciativa destas características.

- Cooperativas de Consumo responsable. Oportunidade de mellora na comercialización para a pesca responsable (Poñente: Panxea Comercio Xusto).

D. Gonzalo Gesto (Abogado). Responsable de sensibilización de Panxea. Posúe ampla experiencia en Redes Sociais en torno ao comercio xusto e consumo responsable.

- Lexislación sobre o turismo mariñeiro en embarcacións de terceira lista. (Poñente: Representante do CCTMAR e/ou Consellería do Mar).

Pendiente de confirmación persona del CCTMAR e/ou Consellería do Mar.

Día Dous (Venres 16 de setembro ás 17.00). Eco-etiquetas e marcas de diferenciación dos produtos pesqueiros.

- Valor engadidos nos produtos pesqueiros: As Eco-etiquetas e as Marcas de diferenciación (Poñente: Pedro Ferreiro – Biólogo Confraría de Bueu).

Pedro Ferreiro Uelasco (Biólogo) foi durante o últimos cinco anos asesor e asistencia Técnica da Confraría de Pescadores San Martiño de Bueu. Posúe ampla experiencia na oferta de marcas e selos comerciais e ecolóxicos. Inicio fai tres anos o proceso de pre-avalación e certificación de MSC para a Navalla da Ría de Pontevedra.

- Pescaderías: A marca de calidade do peixe e marisco de Galicia (Poñente: Ramón Fernández Conchas — Refectura Servizo de Mercados Consellería do Mar).

D. Ramón Fernández Conchas (Xefe de Servizo de Mercado - Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar). Traballou nos últimos meses na implantación da Marca de Calidade Pescaderías promovida pola Consellería do Mar.

- O proceso de certificación dun regulamento dunha Ecoretiqueta ou Marca: custos, cronograma e aspectos xerais (Poñente: Jacobo de Novóa Director de Pesca y Acuicultura - Bureau Veritas).

D. Jacobo de Novóa é Director de Pesca e Acuicultura na empresa certificadora e auditora Bureau Veritas. Posúe ampla experiencia resultado das auditorías realizadas a instalacións certificadas baixo Pescaderías e pola súa participación na certificación e auditoría do selo MSC.

Día Tres (Venres 23 de setembro ás 17.00): Informe Ambiental da Ría de Pontevedra.

- Fontes de contaminación na Ría de Pontevedra. Orixe e evolución (Poñente: Doutor Oceanografía Juan Bellas do Instituto Español de Oceanografía).

D. Juan Bellas é Doutor en Oceanografía do Instituto español de Oceanografía en Vigo. Especialista en contaminación mariña, Desenvolveu parte dos seus traballos de investigación na Ría de Pontevedra.

- Plan de saneamento da Ría de Pontevedra (Poñente: Representante da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas).

D. Francisco Menéndez é Presidente de Augas de Galicia (Enxeñeiro de Camiños). Desenvolveu boa parte da súa carreira entre a Universidade da Coruña e Augas de Galicia. É tamén o presidente da empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh).

- A calidade das augas para o marisqueo (Poñente: Covadonga Salgado - Directora do INTECMAR).

Dña. Covadonga Salgado é Directora do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (INTECMAR). Doutora en Químicas e Licenciada en Farmacia, desenvolveu unha importante carreira en xestión e investigación na Consellería do Mar desde 1995.

Día Catro (Venres 30 de setembro ás 17.00): Mesa redonda sobre o futuro de Tambo.

Participantes:

1. Representante do Concello de Poio.
2. Representante do Concello de Marín.
3. Representante da Escola Naval Militar de Marín.
4. Representante da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

KORRADA DEMOSTRATIVA EN TAMBO: VISITA ILLA DE TAMBO (10 E 11 SETEMBRO).

Os días 10 e 11 de setembro realizaranse visitas guiadas á Illa de Tambo (A Illa do Tesouro). Tambo é a gran descoñecida das Illas galegas, e esconde unha rica historia e medio ambiente.

Para máis información sobre os horarios das visitas e reservas:

- Oficina de Turismo de Poio (Teléfono: 986 833204)
- Oficina de Cultura de Marín (Teléfono: 986 890488)

- Web do Grupo de Acción Costeira de Pontevedra: www.accioncosteira.es/?q=e/gac6.
- Reservas on-line: www.quadralia.com/tambo